

Estrelas

Estrelas do cume do ceo
por que guerras, fame, medo?
Rógovos astros antigos
contade a triste historia,
do mundo as memorias.
Falade do negro inverno,
das miserias desta Humanidade!
Axudádeme a entendelo.
Onde nace a vil Maldade?
Ou, tal vez... sequera existe?
E esa luz, de onde?
A que nos espellos agocha
e reflicte ollos alleos.

Todas as cousas fermosas...
Tédelas arriba, frías estrelas?
É todo dos homes obra?
Son de teatro un xogo?
Se é certo ou se é néboa...
Sabédelo vós, frías estrelas?
Por que non podemos, cegos,
a vosa voz ouvir?

[...]

Non vivides vida certa.

Sodes ilusións dun soño,
luz de lume... lume incerto.

Sara Martínez Santalla 1ºB BAC